

25. LIGA 1ª DIVISIÓN FEMININA

As presentes Bases de Competición serán as que rexerán o desenvolvemento, funcionamento e organización do Grupo A do Campionato de España de 1ª División Feminina aplicándose, para o non previsto nestas, o indicado nos Estatutos e Regulamento Xeral e de Competicións da FEB.

25.1. INSCRICIÓN DE EQUIPOS

Data tope de inscrición: 17 de xullo de 2020

Cada club deberá facer a súa inscrición na súa Federación correspondente.

Data de Sorteio do calendario: 31 de xullo de 2019, ás 11:00 horas, nos locais da Federación Baloncesto de Castilla-León.

Solicitudes de coincidencia/non coincidencia

Todos os equipos interesados en solicitar calquera tipo de coincidencia ou non coincidencia para a confección do calendario, deberán presentar as mesmas por escrito na súa Federación. Terán preferencia as solicitudes presentadas antes do 20 de xullo ás 11.00 h.

Actas

Establécese o sistema de Acta dixital da FEB.

No caso de existir incidente no encontro adiantarase por correo electrónico copia do anverso e reverso do acta á finalización do encontro a fbcyf@fbcyf.es

Balón de xogo.

O balón oficial de xogo é MOLTEN.

O incumprimento desta norma poderá carrexar a aplicación do Artº 47 C) do Regulamento Disciplinario da FEB.

25.2. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A INSCRICIÓN

25.3. AVAL

O aval que deberán depositar os clubs queda establecido en 1.950 Euros.

O aval bancario ou de caixa de aforros, nos casos en que debese ser presentado, realizarase segundo modelo oficial de cada federación e co mesmo texto establecido; poderá ser substituído por depósito mediante transferencia bancaria exclusivamente en euros na conta corrente da federación autonómica correspondente, con anterioridade á realización da inscrición.

O aval ou no seu caso o efectivo, será devolto aos clubs entre o 1 e o 15 de xuño de 2021, sempre que finalicen a competición, non existan reclamacións pendentes ou expedientes en tramitación nos Comités Xurisdicionais e se cumpran os seguintes requisitos:

-O club finaliza a competición, sen se retirar, ou ser retirado pola federación autonómica correspondente.

-Estar ao corrente nas súas obrigas de pago coa súa federación autonómica e fronte a terceiros por resolucións emitidas polos comités xurisdicionais.

-Que non se produza ningunha débeda a xogadoras ou técnicos.

-No importe do aval, no suposto que se execute, a orde de preferencia será:

1. Primeiro: federacións autonómicas.
2. Segundo: débedas pendentes por arbitaxes.
3. Terceiro: débedas pendentes do club con xogadoras nas condicións que se establecen nas normas de competición.
4. Cuarto: débedas pendentes con adestradores.
5. Quinto: débedas pendentes do club co resto de técnicos, non recollidos no apartado quinto que teñan licenza co club.
6. Sexto: débedas pendentes do club con outros clubs.

- A retirada da competición levará consigo a perda do total do aval ou do efectivo depositado, sen prexuízo do que determine o Comité Territorial de Competición. A execución do aval, de ser precisa, poderase efectuar no transcurso da propia competición, de acordo coas obrigas que os equipos acumulasen no transcurso da desta.

No caso de ter que proceder á execución do aval ao longo da competición, o club afectado deberá depositar no transcurso dos tres días hábiles seguintes á data de execución, un novo aval polo mesmo importe establecido (se a execución do aval foi polo total do seu importe), ou ben completar a contía executada do devandito aval (co fin de seguir dispoñendo da totalidade deste). A antedita obriga de aval poderá ser substituída por depósito en efectivo, nos mesmos termos establecidos para o aval. De non se cumprir o anterior no prazo indicado, o equipo do Club en cuestión poderá ser descualificado da competición, en tal caso aplicaráselle o disposto no Regulamento Disciplinario vixente.

25.4. OUTRA DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Os clubs que non o realicen deberán depositar na súa federación unha copia dos seus estatutos debidamente aprobados pola súa comunidade ou polo Consello Superior de Deportes.

No momento da súa inscrición, os clubs deberán presentar na súa federación autonómica, entre outros documentos, follas de inscrición dos equipos indicados, así como a ficha de club.

Todos os equipos deberán contar obrigatoriamente con **conta de correo electrónico**, cuxo número e descrición deberán ser facilitados ás súas correspondentes federacións autonómicas na folla de inscrición.

As inscricións de cada equipo, tramitadas regulamentariamente e sen superar as datas límite establecidas, serán presentadas coa totalidade da documentación.

A non presentación en tempo e forma de toda a documentación esixida significa a renuncia á súa participación.

Non se aceptará a inscrición daqueles equipos que non liquiden as débedas de temporadas anteriores.

Unha vez efectuada a inscrición dos equipos, se estes non cumplan as condicións establecidas ou renuncian á súa participación, perderán o aval.

25.5. DESENVOLVEMENTO DA COMPETICIÓN

25.5.1. COMPOSICIÓN

Na presente temporada as federacións autonómicas de Cantabria, Galicia, Principado de Asturias e Castilla-León organizarán o XXI Campionato de España de Primeira División Feminina, correspondente ao Grupo A, onde se agrupan os equipos das citadas federacións.

25.5.2. PARTICIPACIÓN

Terán dereito a participar neste campionato ata 20 equipos:

- Os equipos participantes na temporada anterior nesta competición e que manteñen a categoría.
- Os equipo ascendidos campións de cada comunidade.
- Os equipos descendidos da LF'2.

25.5.3. FORMA DE XOGO

Primeira Fase – Liga Regular

Formaranse dous grupos (A1 e A2) de 10 equipos cada un, distribuídos por proximidade xeográfica, unha vez se coñezan as inscricións realizarase unha reunión entre as FFAA implicadas para realizar a distribución de ambos grupos (18 xornadas)

Segunda Fase.-Fase Final

Clasificaranse para disputar esta 2ª fase os OITO primeiros equipos de cada un dos grupos A-1 e A-2., xogando en aspa a Ida e volta, sendo a volta na casa do mellor clasificado na 1ª Fase:

OCTAVOS:

- ELIMINATORIA 1: 1º GRUPO A1 – 8º GRUPO A2
- ELIMINATORIA 2: 2º GRUPO A1 – 7º GRUPO A2
- ELIMINATORIA 3: 3º GRUPO A1 – 6º GRUPO A2
- ELIMINATORIA 4: 4º GRUPO A1 – 5º GRUPO A2
- ELIMINATORIA 5: 5º GRUPO A1 – 4º GRUPO A2
- ELIMINATORIA 6: 6º GRUPO A1 – 3º GRUPO A2
- ELIMINATORIA 7: 7º GRUPO A1 – 2º GRUPO A2
- ELIMINATORIA 8: 8º GRUPO A1 – 1º GRUPO A2

CUARTOS:

- ELIMINATORIA 9: GAÑADOR ELIMINATORIA 1 /GAÑADOR
ELIMINATORIA 5
- ELIMINATORIA 10: GAÑADOR ELIMINATORIA 2 /GAÑADOR
ELIMINATORIA 6
- ELIMINATORIA 11: GAÑADOR ELIMINATORIA 3 /GAÑADOR
ELIMINATORIA 7
- ELIMINATORIA 12: GAÑADOR ELIMINATORIA 4 /GAÑADOR
ELIMINATORIA 8

SEMIFINAIS:

- ELIMINATORIA 13: GAÑADOR ELIMINATORIA 9/GAÑADOR
ELIMINATORIA 12
- ELIMINATORIA 14: GAÑADOR ELIMINATORIA 10/ GAÑADOR
ELIMINATORIA 11

FINAL – ELIMINATORIA 15:

GAÑADORES ELIMINATORIAS 13 E 14

No caso de que, a partir de cuartos de final coincidiran dous equipos clasificados en idéntica posición en cada un dos grupos na primeira fase, o primeiro encontro xogarase sempre na casa do equipo do Grupo A1.

25.5.4. ASCENSOS E DESCENSOS

Participará na Fase Final de Ascenso a LF2 o equipo gañador da FINAL estando previsto disputarse esta Fase de Ascenso os días 27 ó 29 de maio.

Nesta FASE DE ASCENSO o equipo clasificado como 1º do grupo PAIS VASCO-NAVARRA-RIOJA participará como 1º Do GRUPO 1 e o equipo e o equipo clasificado 1º do GRUPO GALICIA-ASTURIAS-CANTABRIA-CASTILLA-LEON será o 2º do GRUPO 1.

Clasificaranse os equipos clasificados en 9º e 10º lugar de cada un dos grupos A1 e A2, xogándose o 2º partido na cada do mellor clasificado:

ELIMINATORIA 16: 9º CLASIFICADO A1 / 10º CLASIFICADO A2

ELIMINATORIA 17: 10º CLASIFICADO A1 / 9º CLASIFICADO A2

Descensos Grupo A-1:

Se se produciran descensos dos equipos de LF'2 que tiveran que ser incluídos no grupo Norte A da 1ª división Feminina, ademais dos descensos xa previstos, descenderán tantos equipos como sexan necesarios para garantir os ascensos da 1ª autonómica feminina.

No suposto de existir vacantes estas se cubrirían da seguinte forma:

- 1.- Finalista do Campionato de Ascenso
- 2.- Descendido no lugar 10º ou 11º
- 3.- Terceiro da Fase de Ascenso.
- 4.-. Descendido no lugar 11º ou 12º
- 5.- Seguintes por orde do campionato de ascenso.

25.5.5. DATAS

Primeira Fase –Liga Regular 2 grupos de 10

PRIMEIRA FASE PARA 9-10 EQUIPOS – 18 XORNADAS			
PRIMEIRA VOLTA		SEGUNDA VOLTA	
SETEMBRO	27	DICEMBRO	13, 20
OUTUBRO	4, 18, 25	XANEIRO 2021	10, 17, 24, 31
NOVEMBRO	1, 8, 15, 22, 29	FEBREIRO 2021	7, 21, 28

Segunda Fase- Fase Final Eliminatorias

	1º PARTIDO		2º PARTIDO	
OITAVOS	MARZO 2021	14	MARZO 2021	21
CUARTOS	ABRIL 2021	11	ABRIL 2021	18
SEMIFINAIS	ABRIL 2021	25	MAIO 2021	02
FINAL	MAIO 2021	9	MAIO 2021	16

Terceira Fase- Fase Final Ascenso a Lf'2-3

MAIO 2021	27, 28, 29
-----------	------------

Descenso- 2 xornadas

1º PARTIDO		2º PARTIDO	
MARZO 2021	14	MARZO 2021	21

Datas supeditadas ao COVID-19.

As cotas de dilixenciamento das licencias serán as que determine cada Federación e quedarán recollidas nas Bases Xerais de Competición de cada unha das Federacións Autonómicas.

25.8.HORARIO DOS ENCONTROS. CAMBIOS

Para todos os efectos considerárase a data sinalada no calendario como a oficial da competición. Se a devandita data é domingo poderán fixar o inicio dos seus partidos en cancha propia entre as 16.00 h e as 20.30 horas do sábado anterior, e entre as 10.30 e as 12.30 horas e entre as 16.00 h e as 18.30 horas do propio domingo.

Obxecto Modificación	Prazo Recepción	Conformidade	Cota
Data	Antes 30 días	Si	32,00
Campo	Antes 30 días	No	32,00
Hora	Antes 30 días	No	32,00
Data	Antes 15 días	Si	64,00
Campo	Antes 15 días	Si	64,00
Hora	Antes 15 días	Si	64,00
Data	Antes 9 días	Si	96,00
Campo	Antes 9 días	Si	96,00
Hora	Antes 9 días	Si	96,00

25.9. PRAZOS DE INSCRICIÓN

O venres da semana anterior ao inicio da competición os clubs deberán ter presentada ante a Federación correspondente a documentación necesaria, polo menos oito xogadoras, un adestrador e un delegado de campo.

Esta documentación comprenderá o tríptico, a fotocopia do DNI ou, no seu caso, o pasaporte de cada persoa que figure no tríptico, así como unha fotografía e os correspondentes contratos cando corresponda. No caso de xogadoras non comunitarias deberá presentarse ademais a documentación prevista no apartado "xogadoras". As xogadoras comunitarias deberán presentar tamén a carta de baixa, salvo que concorran ás excepcións previstas nas normas de cada federación.

A tramitación de inscricións, unha vez iniciadas as competicións, poderá efectuarse ata as 13.00 horas do día anterior á data fixada para o encontro de liga regular e, se este se celebra en domingo, ata as 13.00 horas do venres.

Para todas aquelas xogadoras que precisen tráfser, seguirase o disposto nos prazos que marque a Regulamentación FIBA. Para o resto das inscricións de xogadoras o período de tramitación finaliza segundo o indicado na normativa xeral. Cando algún destes prazos finalice en día festivo, este trasladarase ao día hábil anterior.

25.10. XOGADORAS

Para que unha xogadora poida subscribir licenza deberá reunir os seguintes requisitos:

- A) Ser española ou posuír a nacionalidade dalgún dos estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo. Así mesmo, tamén poderán subscribir licenza as inmigrantes residentes legalmente en España, en tanto continúen na devandita situación.
- B) Non ter compromiso vixente con ningún outro club ou federación.

A data tope para presentar o tríptico finaliza ás 18.00 h do venres da semana anterior ao inicio da competición.

Para a inscrición de xogadoras comunitarias que non o fosen de orixe, será preciso aportar, ademais do pasaporte en vigor, un certificado emitido polo consulado ou embaixada no que se acredite a legalidade do pasaporte. Para a contribución deste documento poderase conceder un prazo extraordinario de

30 días.

Se se demostrase falsidade dalgún documento unha vez emitida a inscrición, ou ben, se a xogadora gozase dunha autorización por tramitación, aquela quedará anulada e esixiranse as responsabilidades que procedan de acordo cos regulamento disciplinario que se engade ao convenio.

A data tope para dilixenciar licenzas de xogadoras, independentemente da súa categoría ou procedencia, serán ás 13:00 h do 28 de febreiro.

25.11. ADESTRADORES

Para poder inscribir un adestrador nesta competición, este deberá estar en posesión do título superior, salvo as excepcións previstas no regulamento xeral da federación que emite a licenza.

25.12. ARBITRAXES

A arbitrase será LOCAL, a excepción da SEMIFINAL E FINAL que será NON LOCAL (arbitrase designado pola Comunidade máis próxima e que non teña equipos implicados).

A FBCyL dará a coñecer antes do inicio da competición as listas cos árbitros que poderán dirixir os encontros desta categoría. Dita lista poderá ser modificada en calquera momento da competición polo órgano competente.

Se existisen gastos de desprazamento, aloxamento e manutención na Fase Interautónomica, estes serán fixados pola federación autonómica correspondente á lexislación vixente.

O club que solicita arbitrase NON LOCAL, delegado federativo ou comisario de mesa, deberá remitir a cantidade de 485€ a conta dos gastos de desprazamento e manutención no tempo, forma e prazo indicados no Artº 118 do Regulamento Xeral de competicións.

Crease un comité interautonómico arbitral que realizará seguimento e velará pola homoxeneización e bo desenrolo da competición no que corresponde á arbitrase.

DISTRIBUCIÓN DAS COMPENSACIÓNS ARBITRAIS							
	Árbitro Principal	árbitro Auxiliar	Anotador	Crono	24"	Comités	Totais
EUROS	70,00	70,00	18,00	18,00	18,00	27,00	221,00

DISTRIBUCIÓN DOS DEREITOS DOS COMITÉS				
	Árbitro Principal	Árbitro Auxiliar	Oficial Mesa	Totais
EUROS	9,00	9,00	9,00	27,00

25.13. OBRIGAS DOS CLUBS

Os clubs gravarán todos o seus partidos como locais, debendo remitir por correo electrónico o enlace do encontro en Youtube a comunicacion@fbcyl.es

Lembrámoslle que as gravacións teñen que realizarse a altura do medio de terreo de xogo, de tal forma que sempre se observen os/as xogador@s e ambos árbitr@s.

O vídeo do encontro deberá estar dispoñible antes das 12.00 hrs do terceiro día hábil posterior ao encontro, para que todos os clubs da categoría e a comisión de seguimento arbitral poidan visualizalo.

O incumprimento por parte do club a estas disposicións será sancionado polo Comité de Competición con multa de 50,00 €.

1ª AUTONOMICA FEMININA

Ascenderán a 1ª División Feminina os campións de cada Federación Autonómica.